

Documento distribuído por



# **Escolma de textos relacionados con Beatriz de Castro**

**Selección e recompilación de**

**Miguel García-Fernández**

(3-6-2013)



**Comisión de Igualdade**

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

# ESCOLMA DE TEXTOS RELACIONADOS CON DONA BEATRIZ DE CASTRO

*Seleccionados e recompilados por*  
**MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ<sup>1</sup>**

## Doc. 1

[1434]. Ourense.

*García Díaz de Cadórniga e a súa muller dona Beatriz de Castro arrendan durante un ano por cincuenta fanegas de centeo a Lopo de Deza os “botos” que teñen no Chao de Castela, Ribeiro de Avia e Bolo de Sende.*

*ACO, Libro de Notas de Álvaro Afonso de 1434, fol. 87.*

Ed. Anselmo LÓPEZ CARREIRA, *Libro de notas de Álvaro Afonso. Ourense, 1434*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2005, doc. 268, p. 147.

(...) Garçía Dias de Cadorniga e sua moller dona Byatris arrendaron a Lopo de Deça todoslos bodos que lles perteesçian por parte da iglesia (dOurense)\* /de Santiago/ (a Lop)\* enno chaaos de Castella e do Ribeiro dAvea e do Bolo de Sende segundo que os tevo arrendados os annos pasados (...) et o dito Lopo de Deça obrigouse de les dar o dito (pan ao dito)\* as ditas çincoeenta fanegas de pan (...).

---

<sup>1</sup> Bolseiro do *Programa de Formación del Profesorado Universitario* do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e Investigador en Formación e Perfeccionamento do Grupo de Investigación GI-2108 “Historia social de Galicia na Idade Media” da Universidade de Santiago de Compostela, coordinado polo Prof. Dr. D. Ermelindo Portela Silva.

## Doc. 2

1443, xaneiro, 30. Ourense.

***Dona Beatriz de Castro, viúva de García Díaz de Cadórniga, e Pedro Díaz de Cadórniga, o seu fillo, aforan a Lourenzo Pérez, crego de San Paio de Veiga, o lugar de Samances e tres leiras na freguesía de San Paio de Veiga pola quinta parte dos froitos e os foros acostumados.***

ACO, Fondo Monacal, San Salvador de Celanova, núm. 4176.

Ed. M<sup>a</sup> Beatriz VAQUERO DÍAZ, *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (ss. XIII-XV)*, Santiago de Compostela, Tórculo, 2004, vol. I, doc. 323, pp. 420-422.

(...) nos dona Beatris de Castro, muller que foy de Garçia Dias de Cahuerniga, defunto que Deus aja, e eu Pero Dias de Cahuerniga seu fillo, ambos de liçençia o hun do outro e outro do outro aforamos a vos Lourenço Peres, clérigo de San Payo de Veiga, que soodes presente e a todas vosas vozes par senpre o noso lugar de Sanmançe, con todaslas casas e herdades e moynnos e cousas a el perteesçentes. E mays vos aforamos con esto que dito he a leira da Pedreira e a leyra dos Barreiros et a leira da Formiga e todas las outras herdades que jasen ena frigesia da dita vosa igleia de San Payo que nos dereito perteesçen, as que [afo]radas non son a outras personas alguas, aforamosvos todo o sobredito (...) con condiçon que corregades huna casa eno dito lugar de Sanmançe e a cubrades e reparedes (...) e que ponnades de vinno a leira que parte con a vosa vinna do lugar de Sandin en estes dous annos primeiros siguientes e outrosy reparedes e cubrades as outras casas do dito lugar e dos ditos moynnos e presas deles [et] de todo o que lles for nescenario e o façades moer (...). E que dedes ende vos a todaslas ditas vosas vozes a nos e a nosas vozes para senpre en cada hun anno a quinta parte asy de pan commo de vinno (...), noso mayordomo ao qual proveeredes de comer e de beber comunalmente segundo custume da terra (...) e daredes mays de foro porlos ditos moynnos outrosy en cada hun anno porlo mes de Agosto duas fanegas de çenteo e tres almudes linpos de poo e de palla medidos por medida dereita da dita terra e comarca e de dereituras porlas ditas casas do dito lugar çinco marabedis de moeda vella branca (...). Outrosy en

cada hun dos ditos annos por cada dia de San Martinno do mes de Novembro duas marras razonables (...). E se vos ou vosa vos ho ouverdes de ve<n>der deitar ou supynorar ou enallear ou traspasar que primeiramente frontedes con elo a nos ou a nosa voz e nos lo dedes porlo justo preço (...). He posto condiçon perlo dito lugar e moynnos e herdades e vinnas sobreditas que non faredes manda nen pooredes anyversario nen outra pensyon algua a igleia nen a moosteiro nen santuario algund nen a persona poderosa nen religiosa nen a outra persona algua, e obligamos nosos beens de vos de[fender] e anparar a dereito para senpre con esto que vos aqui aforamos (...).

### Doc. 3

1441, xaneiro, 13. Ourense.

#### ***Testemuño contra dona Beatriz de Castro para que non “metese ena cidade escudeiros nen peós estrangeyros”.***

AHPOu, *Libro de Notas de Álvaro Afonso dos anos 1438 a 1441*, fol. 52.

Ed. Xesús FERRO COUSELO, *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, Vigo, Galaxia-Fundación Penzol, 1967, vol. II, doc. 242, pp. 265-266.

(...) enas [casas onde] pousa dona Beatrís, muller que foy de Garçía Dias de Cadórniga, presente y a dita dona Beatrís (...), Garçía Ferrnandes [procurador do Concello] diso que pedía e requería aa dita dona Beatris que por rasón que Afonso da Barreyra, meiriño do señor obispo d'Ourense, avía tomado testimonio (...) disendo que ela avía tragido e metido ena dita çibdade moytas gentes estrangeyras de que a noso señor El Rey e ao dito señor obispo vyña grande mal perda e dapno e se podía recresçer ao adeante e cétera, por ende, que constregésemos aa dita dona Beatrís pera que lançase á dita gente fora, senón que protestava contra o dito conçello e cétera; (...) et que lle pedía afrontava e requería, hua e duas e tres veses e mays, cuantas podían e devían de dereito, que non trouxese nen metese ena dita çibdade ninhúus homes escudeyros nen peós estrangeyros de fora da dita çibdade, et se os ende tyña, que os enbiase logo fora (...). Et logo a dita dona Beatrís diso que ela que non tyña ena dita çibdade escudeyros nen omes estrangeyros ninhúus, saluo seus criados e de seu fillo, et que ela a todo dito conçello e visiños e moradores dél que os asegurava de todas e quaes quer cousas que fosen, e des lo caso menos fasta o mayor, ante que os anparará e onrará, en quanto seu poder fose. Et en quanto aos omes do dito señor obispo e do dito Afonso da Barreyra e do dito arçediano, que ela e seus omes e criados e criadas avían resçebido e resçebían de cada dia moytos males e dapnos e desonrras e vitoperios de Vasco Ratón e de Gomes de Chantada, et por ende, que o dito meiriño os castigase ou os lançase de sy, por maneira que ela nen aos seus non veese mal nen dapno (...).

#### Doc. 4

1442, agosto, 20. Ourense.

***Testemuño de dona Beatriz para que investigasen e procedesen contra os que feriran a Fernán de Sober, home do Arcediago de Castela, desexando manter a tregua establecida anteriormente con este último.***

AHPOu, *Libro de Notas de Álvaro Afonso dos anos 1442 ao 1448*, fol. 19v.-20.

Ed. Xesús FERRO COUSELO, *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, Vigo, Galaxia-Fundación Penzol, 1967, vol. II, doc. 254, pp. 275-276.

(...) en Ourense, enas casas donde pousa dona Biatrís (...), a dita dona Biatrís tomou testemuyo contra os ditos juises que por razón que o día donte, que fora domingo, Johán Freire e Fernán do Outeiro feriran a Fernán de Sober, ome do arçediano de [Castela e que e]la avya posto amorío segurança, ela e seu fillo, con o dito arçediano, et os ditos Johán Freire e Fernán do Outeiro non feseran o dito maleçío por seu consello nen falla nen ajuda nen fauor nen do dito seu fillo Pero Dias, ante que lle pesaua dello, por ende que sacase sobre elo peresquisa et proçedese contra os culpantes etc., senón que protestaua etc, et de mays que él et o dito seu fillo que eran prestes de agardar a dita amistança ao dito arçediano, segundo que estaua posta, et de non acoller nen dar fauor nen ajuda aos ditos Johán Freire et Fernán do Outeiro (...).

## Doc. 5

1446, novembro, 11. Ourense.

### ***Carta de seguro outorgada por dona Beatriz de Castro.***

AHPOu, *Libro de Notas de Álvaro Afonso dos anos 1442 ao 1448*, fol. 87.

Ed. Xesús FERRO COUSELO, *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, Vigo, Galaxia-Fundación Penzol, 1967, vol. II, doc. 177, pp. 182-183.

Eu dona Biatrís de Castro, madre de Pero Dias de Cahuérniga, por quanto eu foy enformada por lo procurador da çidade d'Ourense, en nome da dita çibdade, que os mercadores e vesíños de Santiago e do arçobispado non ousauan viir a esta çibdade seguramente con suas mercadorías aa feyra real de Sant Martiño nen outrosy por viños, asy a esta çibdade como á seus coutos, con medo de represarias que lles fose feytas por lo dito meu fillo ou por los seus por alguas contendas que ontre eles ha, por ende eu por esta presente carta aseguro a todos los ditos mercadores e outras personas ques quer que vieren a esta çibdade e coutos, asy por viños como con outras mercadorías por min e por todos los meus e por todos los escudeiros e omes do dito Pero Dias, meu fillo, pera que posan viren e andar seguros, o qual dito seguro lles dou doje da feyta desta carta fasta triinta dias primeiros sigentes de viinda, estada e tornada, pera que lles non sejan feytos males den dapnos nen prijóos nen represarias nen outro desaguisado algún durante este tenpo. Et por esta carta mando a todos los escudeiros e omes do dito meu fillo que goarden este seguro. Et por mays firmesa mandey que se apregoase por esta çibdade por que viese á noticia de todos. Et firmey esta carta de meu nome. Feyta a onse dias de nouembro do ano de quarenta e seys anos. Dona Biatrís.

## Doc. 6

1470, decembro, 26. Celanova.

***Dona Beatriz de Castro afora a perpetuidade a Vasco Turçoo e á súa muller Leonor González o lugar do Adro, sito no couto de San Paio, pola quinta parte dos froitos, agás o liño e os foros acostumados.***

ACO, Fondo Monacal, San Salvador de Celanova, núm. 4689.

Ed. M<sup>a</sup> Beatriz VAQUERO DÍAZ, *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (ss. XIII-XV)*, Santiago de Compostela, Tórculo, 2004, vol. II, doc. 601, pp. 282-283.

(...) eu dona Biatriz e Castro, moller que foy de Garçia Diaz de Cadorniga, cuja alma Deus aja, que estou presente por min e por todos meus herdeyros et sucesores aforo a vos Vaasco Turçoo e a vosa moller Lionor Gonçalves e a todas vosas vozes para todo senpre (...) o meu lugar do Adro que esta eno couto de San Payo segundo que o vos trajedes a jur et a maa (...). Por tal pleito et condyçon que o moredes, labredes et reparedes en tal maneira commo non desfalesca por mingua de labor et boo paramento. E daredes en cada huun anno a quinta parte de todo pan et vynno (...) sacando lynno e daredes mays por dereituras seys marabedis vellos et huna boa porcalla por cada dia de San Martino do mes de Novembro e do al que o ajades dezemo a Deus. Et non devedes de vender, deytar, poer nin traspasar este dito foro (...) sen primeiramente frontedes con el a min ou a meus herdeyros se o queremos (...).



## Doc. 7

1478, xaneiro, 3. Ourense.

### ***Cláusulas do testamento de dona Beatriz de Castro, viúva de García Díaz de Cadórniga.***

ACO, *Fondo Monacal, San Salvador de Celanova*, núm. 4860. Traslado notarial s/d feito por Juan Garçia.

Ed. M<sup>a</sup> Beatriz VAQUERO DÍAZ, *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (ss. XIII-XV)*, Santiago de Compostela, Tórculo, 2004, vol. II, doc. 670, pp. 372-374.

Cit. Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ, *As mulleres nos testamentos galegos da Idade Media*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2012, tese de licenciatura inédita, pp. 48-50, 52, 56, 187-188.

(...) eu dona Biatriz de Castro, moller que foy de Garçia Diaz de Cadorniga que santa gloria aja, vezinna da cibdad d'Ourense, jazendo enferma en cama (...). Primeiramente mando a mina anima ao meu sennor Ihesu Christo (...). Et rogo a nostra sennora Santa Maria con todaslas virgenes et a Santiago e a Sant Pero et a Sant Paulo con todoslos apostollos et a Sant Domingo et a Sant Françisco et a Sant Martino con todoslos confesores et a Sant Sebastian et a Sant Bertolameu et a Sant Lourenço con todoslos marteres et a todoslos outros santos et santas da gloria do Parayso que lle qeyran todos por mi rogar que me qeyra perdoar meus pecados et aver compasyon con minna anima pecadora.

Iten mando que quando a nostro sennor prouber de me lebar para sy da vyda presente, que meu corpo seja sepultado dentro eno moesteiro de Sant Françisco da dita çibdad d'Ourense eno moymento onde jaz meu marido e que me lançen et leben bestida eno abeto de Sant Françisco, etcetera.

(...) Iten mando ao mosteyro de Sant Roosende de Çelanoba para senpre jamays o meu lugar de Sant Payo en que agora mora Vaasco Truçoo que jaz ena fregesia de Sant Payo de Sant Munio de Veyga con todaslas cousas ao dito lugar

insolidum perteescentes para que o dito monasterio et convento del para senpre me diga un aniversario por minna anima cada un anno, etcetera,

Iten deyxo, nomeo et declaro por meu unibersal herdeiro a Afonso de Lençoods, meu sobrinno, fillo de Juan Freyre de Lençoods et de minna yrmaa dona Ysabel de Castro, sua moller, madre do dito Afonso de Lençoods, ao qual deyxo et nomeo por meu legitimo et unibersal herdeiro en todos meus bees mobles et rayzes et herençia a mi perteescentes asy enos que agora tenno e poseo commo en outros quaesquer bees mobles et rayzes, coutos, vasalos, senorios, jurdiçion, vasalajen et presentaçoods a mi perteesçentes en este Reyno de Galizia de que estou per força despojada, ao qual dito Afonso de Lençoods rogo et pido que aja por recomendados a todos meus criados et criadas et a meus conpridores Goterre Gonçalvez et Afonso Fernandes.

Iten deyxo por conpridores deste meu testamento que o cunpran porlo meu et sen danno seu aos ditos Goterre Gonçalvez, clerigo de Soutomayor, e a Afonso Fernandes, canonigo d'Ourense, a ambos juntamente et a cada un deles insolidun e mando a cada hun deles por seu travallo a cada un seu manto de boo pard[e]llo de Segovia.

(...) Que foy feito et outorgado ena çibdad d'Ourens a tres dias do mes de Janeiro, anno do nasçemento de noso sennor Ihesu Christo de mill et quatroçentos et setenta et oyto annos (...).

## Doc. 8

1480, maio, 21. A Coruña.

***Referencia a dona Beatriz de Castro no testamento do seu sobriño Alonso de Lanzós, caudillo dos exércitos da Irmandade Xeral entre 1467 e 1470 nas provincias de Mondoñedo, norte de Lugo e A Coruña.***

AHUS, *Fondos familiares. Casa de Montaos*, Curadorías, 17/1, pp. 58-62.

Ed. José Francisco CORREA ARIAS, *A Casa de Andrade (1160-1540). Nobreza, mentalidade e ideoloxía na Galicia baixomedieval*, Noia, Toxosoutos, 2009, doc. 34, pp. 659-663.

(...) yo, Alonso de Lanços, vasallo de los señores rrei e rreina, nuestros señores, sintiendome doliente y jaziendo doliente (...) ynsituyo por mis herederas derechas universales, en todos los mis bienes, muebles e raíces, vasallos e señoríos que hay e me perteneçen e perteneçer deuen en cualquier manera e por cualquier razon, asi por mi erençia como por erençia de mi senora madre, dona Beatriz, que Dios aya en si: en tierra de Orense, e de ¿Lemul?, como en otras partes e lugares que sean y me perteneçieran, a doña María, mi hija legitima que yo hube con doña Constança, mi primera mujer, difunta, que Dios aya; y a doña Ynes e doña Leonor e doña Juana e doña Ysrael, mis fijas legitimas que yo hube e tengo de doña Maria de Montazos, mi postrimera mujer, para que ellas todas los ayan e ereden permanentemente, tanto las unas como las otras, para siempre xamas con la mi vendicion y con la de Dios (...).